

Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MONDARIZ-BALNEARIO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE PRESTACIÓNS SOCIAIS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL NOS SERVIZOS SOCIAIS

ANUNCIO

Aprobouse definitivamente, o non terse presentado reclamacións contra o acordo de Pleno da Corporación de 29 de decembro de 2022, a Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia municipais. De acordo co establecido no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto desa Ordenanza:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE PRESTACIÓNS SOCIAIS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL NOS SERVIZOS SOCIAIS

PREÁMBULO

A Constitución Española, no seu artigo 39, fai constar a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, por outra banda nos artigos 41, 139.1 e 149.1.1 se recolle a necesidade duns servizos sociais que faciliten a promoción e o desenvolvemento pleno dun xeito real e efectivo de tódalas persoas e grupos dentro da sociedade, previndo os obstáculos e eliminando as causas que dificultan o impiden a participación plena de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social. En concreto, a Constitución Española establece que “os poderes públicos... aseguran a protección social, económica e xurídica da familia”, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves o urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares”.

A Constitución atribúe a competencia nesta materia, a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades Autónomas, que no marco dos seus estatutos teñen promulgado as Leis de Servizos Sociais. (En Galiza Lei 13/2008, do 3 de decembro).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, profundamente reformada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, no seu artigo 25.2.e) recolle como competencia propia dos concellos a “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

ou risco de exclusión social”, competencia que debe ser prestada de xeito obrigatorio polos concellos de máis de 20.000 habitantes. A maiores esta mesma norma xurídica recolle no seu

artigo 27 a posibilidade de que a Administración do estado ou as Comunidades Autónomas deleguen nos concellos entre outras a “prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 18 regula as prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou familiar e a estimular a súa incorporación social e laboral, como un instrumento do Catálogo de servizos sociais. Por outro lado no artigo 21 define como prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais ás rendas de inclusión social e as axudas de emerxencia e necesidade social.

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia establece que a Xunta de Galicia velará polo cumprimento dos principios reitores recollidos no seu artigo 6 e garantirá unha protección integral da familia, arbitrando as medidas necesarias para evitar toda discriminación da mesma ou dos seus membros en razón ao seu propio carácter, tanto na orde xurídica como no económico e social. No seu artigo 8, atribúe competencias aos concellos en materia de prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos; execución de programas e proxectos destinados á atención á familia; participación na xestión da atención primaria da saúde e o desenvolvemento de programas de promoción da saúde, educación sanitaria e protección dos membros da familia con riscos específicos que se prevexan nos plans de saúde; e actividades e instalacións culturais, deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

Neste marco xurídico e no exercicio do dereito das persoas a recibir apoios personalizados, que implican a detección e análise de necesidades e demandas, diagnóstico e valoración técnica de situacións, necesidades e problemas das persoas e xestión e seguimento das prestacións económicas de emerxencia social, corresponde exercitalo aos cidadáns ao nivel dos Servizos Sociais comunitarios básicos, que neste Concello leva a cabo desde o Centro de Benestar Social da Área de Benestar Social e Promoción Económica do Concello.

Aprobada e sancionada la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións que entrou en vigor o 18 de febreiro de 2004, este tipo de axudas económicas pasan a encadrarse, dentro do espírito e marco xeral da Lei, no concepto de subvención, de acordo co establecido no seu artigo 2 e concordantes. Sendo un dos principios fundamentais desta Lei, inspirados nos da Lei de Estabilidade Orzamentaria, o da transparencia, que redundará nun incremento da eficiencia e eficacia deste tipo de gasto público, facilitando a complementariedade e coherencia das actuación das distintas Administracións Públicas.

Co fin de evitar calquera tipo de solapamento, faise necesario regular de acordo coa devandita Lei un sistema de concesión das axudas sociais ás que o Concello está obrigado a proporcionar aos cidadáns en situacións máis desfavorecidas. Aínda que na mesma Lei se establece como réxime xeral de concesión o de concorrencia competitiva, a propia Lei fai unhas mínimas excepcións a este requisito no seu artigo 22.2.b), expresando que poderán concederse de forma

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ZHYBZ8GS0D3PRXA



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

directa as subvenciones cando o outorgamento ou contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal, debendo estas subvencións seguir o procedemento de concesión que resulte da aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Correspóndelle ao Concello de Mondariz Balneario a concesión de prestacións económicas individuais temporais de emerxencia social e outras que teñan por obxecto a integración persoal, por imperativo da Lei de servizos sociais de Galicia.

Tendo en conta todo a fundamentación exposta, é necesario regular as prestacións sociais de carácter económico para situacións de especial necesidade individual e/ou familiar outorgadas polos Servizos Sociais do Concello de Mondariz Balneario.

En todo caso, este tipo de axudas económicas débense conceder unicamente seguindo os criterios xerais establecidos nesta Ordenanza, e, tal como se ven facendo na actualidade, mediante unha valoración profesional que teña en conta os seguintes aspectos: a tipoloxía do problema ou necesidade social a cubrir, a pertinencia da axuda económica para dar resposta á demanda ou necesidade, o seu grao de urxencia, a non existencia doutros medios ou recursos para solucionarla, a prevención de situacións de risco o desprotección para menores, a prevención de situacións de risco e/o desprotección para persoas maiores e evitar deterioro de situacións persoais que poidan abocar en procesos de exclusión social.

As prestacións que emanan da presente Ordenanza constitúen un recurso dentro do traballo social orientado á promoción das persoas e das familias. Estas axudas económicas dos servizos sociais deben e teñen que ser consideradas como un instrumento e non como un fin en si esmas, debendo servir de recurso para facilitar a integración social dos cidadáns que sofren mais carencias.

Artigo 1. Concepto

Considéranse axudas de emerxencia social, para os efectos da presente Ordenanza, aquelas prestacións económicas, de carácter extraordinario e finalista, destinadas a resolver as situacións de emerxencia que afecten a persoas ou familias ás que sobreveñan situacións de necesidade ao vérense privadas dos medios de vida primarios e imprescindíbeis, e terán que estar necesariamente incardinadas nun proceso de intervención social. A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan.

Dado o réxime normativo e as atencións as que responden as axudas económicas obxecto da Ordenanza serán sempre temporais, de carácter puntual e subsidiarias, polo que en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas (RISGA, PNC, IMV, desemprego ou outras prestacións) que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

Artigo 2. Beneficiarios/as

1. Poderán beneficiarse das axudas de emerxencia social as unidades familiares, entendéndose por unidade familiar a persoa ou o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co/a solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao. Malia o anterior, cando nun mesmo marco físico, existan unha ou mais unidades familiares con menores ao seu cargo, considérase que cada unha delas constitúen unha unidade familiar independente.

2. Nunha unidade familiar beneficiaria un dos seus membros terá a condición de persoa titular da axuda.

Artigo 3. Requisitos

1. Ser maior de idade, menor emancipado/a ou persoa menor de idade con fillos a cargo.

2. Estar empadroado/a no concello de Mondariz Balneario cunha antelación mínima de 6 meses ao momento da solicitude. Exímense deste requisito a aqueles casos excepcionais de extrema urxencia como: os/as solicitantes que estean acollidos/as nun recurso de aloxamento institucional, que sexan vítimas de violencia domestica ou violencia de xénero que muden seu domicilio por motivo de seguridade, que sexan emigrantes retornados ou que sexan persoas refuxiadas ou asiladas.

3. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido no artigo 6º da presente Ordenanza.

4. Poderanse eximir destes requisitos a aquelas persoas que presenten unha situación de necesidade sobrevida por unha forza maior ou involuntaria.

Artigo 4. Réxime de incompatibilidades

1. Estas axudas serán incompatíbeis con calquera outra prestación pública, dereito á percepción económica ou ingreso privado que lle puidese corresponder ao/s beneficiario/s e/ou beneficiaria/s para esta finalidade (RISGA, prestacións non contributivas, prestacións por desemprego, entre outras), agás nos casos nos que sexa considerado oportuno outorgar axudas de maneira complementaria, en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes pertinentes, sen que a suma de todas elas supere o importe do custo da necesidade a cubrir.

2. Non se poderá conceder ao/s beneficiario/s e/ou beneficiaria/a máis dunha axuda para situacións de emerxencia social ao ano contado desde a última resolución de concesión e cando teña a mesma finalidade, excepto naqueles casos que sexa considerado oportuno en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes pertinentes.



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

3. Presúmese que se da un suposto de incompatibilidade cando a solicitante ou calquera persoa da súa unidade de convivencia teña renunciado á percepción ou subsidio ou suspendida ou extinguida total ou parcialmente o dereito aos mesmos por causas imputables a elas.

4. Os/as beneficiarios/as quedarán exonerados/as de acreditar o estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Artigo 5. Obrigas dos/as beneficiarios/as

Os/As beneficiarios/as das axudas ou no seu caso os seus representantes legais estarán obrigados a:

- a) Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foron outorgadas.
- b) Permitir e facilitar o labor aos técnicos designados para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- c) Ao cumprimento das condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.
- d) Non exercer a mendicidade, nin inducir a súa práctica aos membros da unidade familiar.
- e) Escolarizar os/as menores ao seu cargo, que se atopen en idade escolar obrigatoria e poñer os medios necesarios para a súa asistencia efectiva aos centro educativo.
- f) Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade.

Ditas obrigas serán comunicadas ao posíbel beneficiario/a no momento de comunicarlle a Resolución.

Artigo 6. Niveis de renda máxima da unidade familiar para acceder ás axudas

En ningún caso os ingresos mensuais da unidade familiar poderán superar o salario mínimo interprofesional, incrementado nun 10% por cada membro desta.

Artigo 7. Determinación dos recursos económicos

1. Para determinar os ingresos a partir dos cales procede o recoñecemento das axudas, terase en conta como ingresos de toda a unidade familiar os seguintes:

- a) A totalidade dos ingresos que se obteñan polos conceptos de rendementos do traballo, rendementos do capital e rendementos de actividades económicas.
- b) Os bens patrimoniais, depósitos bancarios e contas correntes ou de aforro, con excepción da vivenda habitual.



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

c) Para a determinación destes ingresos teranse en conta as normas do IRPF.

Non se considerarán recursos económicos:

a- ingresos de carácter finalista dirixidos a formación regrada.

b- os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza se deduza que so remuneran os gastos de asistencia o curso.

c- os ingresos dirixidos a paliar outras situacións de emerxencia social.

d- as libranzas para adquisición de servizos derivadas da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

2. Como regra xeral, tomarase como período de referencia os 6 meses anteriores á solicitude.

Artigo 8. Gastos susceptibles de axuda

As axudas de emerxencia social recoñécense para ser aplicadas aos seguintes gastos segundo o seu destino:

a) USO DA VIVENDA HABITUAL:

Cando se dea unha situación de dificultade de continuar no uso e goce da vivenda habitual e de xeito particular para afrontar os gastos que permitan o dereito ao uso da mesma, como o pago de alugueiro, cotas hipotecarias, pago de fianza e primeira mensuralidade para alugueiro da vivenda e pago de gastos de comunidade e necesidades orixinadas polo desaloxo da vivenda habitual.

b) HABITABILIDADE DA VIVENDA HABITUAL:

Pola carencia de medios económicos para conservar as condicións de habitabilidade ou para adquirir o equipamento da vivenda habitual, como traslado de mobles, efectos, luz, gas, acometida da auga; mobiliario básico; electrodomésticos.

c) NECESIDADES BÁSICAS PERSOAIS:

As necesidades consistentes en cubrir con carácter urxente as atencións primarias do/a beneficiario/a ou da unidade familiar como: alimentación, vestido, hixiene, enxoval básico etc.

d) CARÁCTER SANITARIO OU SOCIOSANITARIO:

Coidados sanitarios, próteses, axudas técnicas, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección.

e) NECESIDADES COMPLEMENTARIAS:

Gastos de desprazamentos, cotas de actividades extraescolares, matrículas, material escolar etc.



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

Artigo 9. Orzamento

A dispoñibilidade orzamentaria destas axudas virá dada polo establecido no orzamentos municipais anuais, na partida consignada a tal efecto.

Artigo 10. Contía das axudas

O importe das axudas modularase atendendo ao concepto concreto da necesidade, á consecución do obxectivo de satisfacer ou axudar a cubrir a necesidade, ao gasto necesario ara satisfacela, á situación socioeconómica do/a solicitante. A axuda poderá cubrir o gasto total da necesidade, cando así sexa avaliado pola traballadora social que o fará constar no informe social. En xeral os importes máximos serán:

a) máximo anual que se poderá conceder por unidade familiar, por varios conceptos, será ó 50% do salario mínimo interprofesional vixente en cómputo anual.

b) Por un só concepto, o máximo anual que se poderá conceder será do 75% do límite fixado na letra anterior.

Nos supostos de excepcional gravidade, a persoa responsable da Área de Benestar Social e Promoción Económica poderá propor incrementar estas axudas ata o límite que considere necesario, para atender convenientemente a necesidade sobrevida, sempre que estea debidamente xustificado e avaliado no Informe do/a Traballador/a Social.

Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMENTOS/MES	MÁXIMO ALUGUER/MES	MÁXIMO DOS ÚLTIMOS DOCE MESES POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	100	250	1000
2	150	300	1200
3	200	350	1400
4	250	400	1600
5	300	450	1800
6 ou máis	350	500	2000

Artigo 11. Lugar, prazo de presentación e documentación das solicitudes

As solicitudes xunto coa documentación esixida presentarase no Rexistro Xeral municipal, segundo o modelo que se xunta (Anexo I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren noutros servizos municipais, así como a información adicional que se considere necesaria para a completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ZHYIBZ8GS0D3PRXA



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

O prazo de petición manterase permanentemente aberto, suxeito, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas en cada un dos exercicios orzamentarios.

Xunto coas solicitudes achegarase a seguinte documentación (en orixinal e copia) de todos os membros da unidade familiar:

- a) DNI, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar que o posúan.
- b) Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos de acollemento ou tutela.
- c) No caso de ser vítima de violencia de xénero, a acreditación da súa condición nos termos sinalados polo artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- d) No caso das persoas refuxiadas, a acreditación de ter recoñecida tal condición polo organismo competente da Administración xeral do estado, ou no caso de non dispoñer deste recoñecemento, a autorización de permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social.
- e) Certificación de imputacións do IRPF do último período impositivo relativa aos membros da unidade familiar maiores de 18 anos.
- f) Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos compoñentes da unidade familiar maiores de 18 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.
- g) Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios expedidos polos organismos correspondentes: SEPE, Seguridade Social, Xunta de Galicia, de cada un dos compoñentes da unidade familiar.
- h) Informes de vida laboral dos compoñentes da unidade familiar maiores de 18 anos.
- i) Certificados bancarios relativos ao saldos das contas e posicións bancarias.
- j) Nos casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, recadarase a declaración responsable sobre eles (declaración xurada).
- k) Certificado de discapacidade se fose o caso.
- l) No seu caso, xustificante do custo da situación de necesidade determinante da solicitude.
- m) Nas axudas que impliquen adecuación da vivenda, documento que acredite a propiedade ou alugueiro, e neste suposto a autorización do propietario.
- n) Certificado de titularidade de conta bancaria ou documento de pago delegado (Anexo II).



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

Artigo 12. Tramitación

A tramitación destas axudas poderá seguir dous procedementos: ordinario ou de urxencia.

Artigo 13. Comisión de Seguimento

Crearase unha Comisión de Seguimento das axudas de emerxencia social, que estará formada polo/a polo/a traballador/a social do Concello e pola Alcaldía ou concelleiro delegado da área de Benestar Social co fin de avaliar os expedientes tramitados e ditaminar os criterios xerais propostos pola xefatura para a elaboración das instrucións de aplicación e para a resolución dos expedientes.

Artigo 14. Procedemento ordinario

1. Tendo en conta o establecido no artigo 1º, a finalidade destas axudas de carácter temporal é para paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación e emerxencia ou exclusión social, ademais terán que estar necesariamente dirixidas a un proceso de intervención social, que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar.

2. De acordo co exposto o procedemento ordinario para a tramitación das axudas de emerxencia social terá as seguintes especialidades:

a) O procedemento iníciarase a instancia do interesado mediante o modelo específico de presentación da solicitude establecido no ANEXO I, nos termos e formas sinaladas no artigo 11 da presente Ordenanza.

b) A/o Traballadora Social elaborará o informe social atendendo a finalidade destas axudas recollida no apartado 1º deste artigo e tendo en conta os criterios establecidos no artigo 16 desta Ordenanza, no que se verificará o cumprimento dos requisitos sinalados para percibir a axuda solicitada segundo o seu destino, e a contía da mesma. Así mesmo emitirá informe técnico específico, no que deberá constar que se axustan necesariamente aos criterios recollidos no artigo 16 da Ordenanza.

Artigo 15. Procedemento de urxencia

A tramitación con carácter de urxente darase a aqueles casos especiais que con carácter excepcional precisan unha resolución inmediata.

O procedemento a seguir terá as seguintes especialidades con respecto ao ordinario:

1 O procedemento iníciarase de oficio mediante Providencia da persoa responsable da Área de Benestar Social declarando a urxencia do procedemento para darlle prioridade a tramitación do expediente.

2 Os informes da Traballadora pronunciaranse necesariamente sobre o carácter urxente do procedemento.



3 O prazo máximo para resolver e notificar será de 72 horas.

Artigo 16. Criterios para a resolución dos expedientes

Nas avaliacións dos expediente se terán en conta criterios específicos. Para a aplicacións dos criterios específicos se utilizará unha escala de valoración validada e estandarizada, que determinará a priorización na concesión en función dos puntos obtidos, que significarán a escala de necesidade estimada.

Estes criterios específicos, segundo a súa variabilidade, tomarán a seguinte puntuación:

- a) Tipoloxía familiar (máximo 4 puntos)
- b) Situación socio-familiar (máximo 8 puntos):
- c) Situación económica familiar (máximo 4 puntos)
- d) Situación da vivenda (máximo 5 puntos)
- e) Situación de risco e/ou exclusión social (máximo 16 puntos)
- f) Familias en proceso de intervención social (máximo 27 puntos)
- g) Outros datos de interese relacionados coa necesidade de axuda de emerxencia social (máximo 10 puntos).

Artigo 17. Forma de pago e xustificación de gasto

Procedemento ordinario:

- a) O importe da concesión librarase mediante pagamento único.
- b) Nos procedementos ordinarios efectuarase o pago de forma o máis axiña posíbel, sen que o prazo poida exceder de máis dun mes, dende a data de resolución.
- c) O libramento faráselle directamente ao/á beneficiario/a (pago directo) ou á persoa ou entidade que este/a autorice (anexo 2) (pago delegado) e o informe social así o apoie.
- d) A axuda xustificarse nun prazo de tres meses dende a notificación da concesión da axuda, e farase mediante facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que deberán ser presentadas no departamento de traballo social, de modo que o destino dado á axuda corresponde coa finalidade para a que foi concedida. Nos casos de obras de adecuación das vivendas o prazo pódese ampliar outros tres meses.
- e) Os documentos orixinais acreditativos do gasto se deberán selar mediante o sistema de estampado no que se fará constar que ese gasto foi aplicado á subvención correspondente e indicando no mesmo o importe concedido.



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

Procedemento urxente:

- a) O importe da concesión librarase mediante pagamento único.
- b) O pago efectuarase dun xeito inmediato sen que o prazo poida exceder de 72 horas.
- c) O libramento faráselle directamente ao/á beneficiario/a (pago directo) ou á persoa ou entidade que este/a autorice (anexo 2) (pago delegado) sempre que o informe social así o apoie.
- d) A axuda xustificarse nun prazo non superior a 15 días e farase mediante facturas ou outros xustificantes, que deberán ser presentadas nas UTSs, tendo que axustarse ao fin para o que se outorgou.

A xustificación do gasto acreditarase polas facturas dos pagos e gastos realizados, que deberán cumprir os requisitos regulamentariamente establecidos o mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil o con eficacia administrativa.

Artigo 18. Seguimento das axudas

Serán os servizos sociais municipais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexida polas axudas de emerxencia, así como o destino dado ás mesmas; e poderán solicitarlles aos/ás beneficiarios/as a información ou documentación necesaria para o exercicio de dita función de forma axeitada.

Artigo 19. Reintegro e réxime sancionador

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polo/a beneficiario/a da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de 2 anos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase a Alcaldía ou ao órgano no que poida delegar para adoptalas disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da Ordenanza así como para ditar instrucións de aplicación con respecto a mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

Primeira. A presente Ordenanza Municipal Reguladora das Axudas de Emerxencia Social para o Concello de Mondariz Balneario entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro e transcorrido o prazo de quince días previsto nos artigos 70.2 e 65.2 na Lei de Bases de Réxime Local.



Martes, 28 de marzo de 2023

Núm. 61

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a aprobación definitiva da ordenanza, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.”

Mondariz Balneario, a 20 de marzo de 2023.

O alcalde. José Antonio Lorenzo Rodríguez

